

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2011 pola que se acorda a publicación dunha encomenda de xestión do Instituto Galego da Vivenda e Solo coas áreas de rehabilitación declaradas.*

De conformidade co previsto no artigo 9.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 251, do 31 de decembro), dáselle publicidade á encomenda de xestión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo a trinta e dous concellos con áreas de rehabilitación declaradas, formalizada a través de convenios de colaboración, coas características e para os concellos que a seguir se relacionan:

Obxecto:

Tramitacións necesarias de tipo técnico referidas ás vivendas acollidas ou que se vaian incorporar ao Programa Aluga dentro do seu ámbito municipal, taxación de rendas e, de ser o caso, comprobación das reformas ou reparacións nas vivendas e revisión das facturas de obras, no marco do establecido no Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Natureza e alcance:

Encomenda de xestión intersubxectiva ao abeiro do previsto no artigo 9 da Lei 16/2010.

Vixencia:

Desde o 3 de agosto de 2011 ata o 31 de decembro de 2011.

Finalización anticipada:

1. Por incumprimento total ou parcial.
2. Por mutuo acordo.

Ámbito: todo o concello.

Relación de concellos aos que se lles encomenda a xestión:

A Coruña:

- A Coruña
- Betanzos
- Corcubión
- Ferrol
- Muros
- Neda
- Noia
- Padrón
- Rianxo
- Santiago de Compostela

Lugo:

- Lourenzá
- Lugo
- Mondoñedo
- Monforte de Lemos
- Quiroga
- Ribadeo
- Sarria
- Vilalba
- Viveiro

Ourense:

- Allariz
- Castro Caldelas
- Celanova
- Ourense
- Ribadavia
- Verín

Pontevedra:

- Cambados
- Cangas
- Poio
- Pontevedra

- Tui
- Vilagarcía de Arousa

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011.

Antonio José Boné Pina  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo